

## Concello de Viveiro

**EXPTE.- 3133/2022**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dna. MARÍA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vista o Decreto de Alcaldía, de data 30 de maio de 2022, relativo a convocatoria polas que se inicia o proceso e se establecen as normas para a selección de persoal para a creación de listas de emprego temporal no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro (publicada no BOP de Lugo Nº127, de 04 de xuño de 2022), nas seguintes especialidades:

Acordeón	Canto	Composición
Clarinete	Frauta traveseira	Gaita
Guitarra	Linguaxe musical	Piano
Percusión	Saxofón	Trombón
Trompeta	Violín	Violonchelo

Vistas as bases xerais e específicas polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de substitutos e interinos para impartir a docencia no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 17 de xuño de 2022, relativo ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo.

Vista o punto 9 das bases xerais, que sinala "(...)**PROBA DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.-**

*Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.*

*A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto.*

*Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír o Celga, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes que figure nas presente bases..."*

Vista a Resolución de Alcaldía de data 07 de xullo de 2022 da lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo na especialidade de Frauta Traveseira, na que se indica que o aspirante D. Carlos Dadín Domínguez está "**NON EXENTO** (Pode ser obxecto de subsanación)" e constatando que dito aspirante non subsanou dentro do prazo establecido a acreditación de posuír o Celga 4.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Citar ao aspirante D. Carlos Dadín Domínguez, da lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos da lista de emprego da especialidade de frauta traveseira a acudir o mércores día 03 de agosto de 2022 ás 13:00 h. Na sala de xuntas do Concello de Viveiro para a realización da proba de galego.

**SEGUNDO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan nas dependencias do Conservatorio de Música o día 03 de agosto de 2022, ás 13:00 horas, aos efectos de levar





## Concello de Viveiro

---

a cabo a realización da proba de galego, así como elaboración das listas definitivas de admitidos e excluídos, valoración de méritos e proposta das listas de emprego das distintas especialidades.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa ,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**



Cod. Validación: 9N7PZQKFFL9K4MH5KQ5WKDQ3 | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2